


INTRES

JOSÉ RAMÓN IRAGO OURO



inimizade de moitos compañeiros e incluso represalias de moitos profesores. É un dos riscos de ser escritor e sincero.

O proxecto completábase como non de maneira impagable, coa colaboración imprescindible de Rosendo, bo profesor e mellor persoa, que facía as veces de correxidor, linotipista e creador da estrutura final da revista ademais de cubrir calquera oco de última hora na publicación cando había falta de artigos. En realidade, era o alma mater da revista e sen súa axuda sería imposible que chegara a verse feita realidade.

Teño que recoñecer que cando recibín a chamada para pedirme que colaborara cun escrito no aniversario da revista Intres sentín unha grande satisfacción por saber que despois de tantos anos seguía existindo aquela idea que un día tanto supuxo para un grupo de amigos que estudaban xuntos.

Deste xeito só me queda felicitar e dar as grazas a todos os que seguiron escribindo ou colaborando dun xeito ou de outro coa publicación da revista intres, ó instituto de Melide por facelo posible e por brindarme a posibilidade de escribir unha vez máis nas súas páxinas, mandarlle un bico ós que non están, outro ós que están pero que hai moito que non vexo, e unha aperta moi forte para Rosendo.

compañeiros, entre os que recordo especialmente a Manuel A. García Vila e a Cristina Cea, e algúns máis que aportaban escritos, pasatempos ou calquera tipo de traballo para completar a publicación de maneira máis ou menos honrosa porque rematando do que se trataba era de levar a cabo unha idea de maneira conxunta e por que non, de manifestar opinións individuais que de outro xeito non serían posibles.

Neste senso recordo o primeiro artigo que escribiu Mejuto no que falaba da súa visión de Galicia e dos galegos dende o punto de vista dun catalán cando viña pasar as vacacións do verán, a súa valoración da sociedade galega en comparanza coa que viña afeito a compartir a súa vida día a día. Era un artigo moi ben artellado, cousa normal no autor que ademais de gran amigo era un erudito en plena expansión, pero que lle custou a

Cando ollas cara atrás e fas balance dos elementos da túa etapa educativa que tiveron máis transcendencia na túa vida persoal e profesional, enfróntaste á encrucillada de escoller entre o coñecemento propiamente dito ou a enriquecedora experiencia xerada pola relación social, o aprender a traballar en grupo sabendo desempeñar un rol determinado, formar parte dun colectivo, en definitiva, o desenvolvemento da iniciativa individual dende a pertenza a unha estrutura de grupo. Supoño que a madurez representa a fusión entre as dúas facetas de maneira que unha complementa na outra de xeito natural.

A nivel persoal, unha experiencia moi enriquecedora foi o participar na creación da revista Intres mentres estudaba o bacharelato no instituto de Melide. A idea da súa creación xurdiu de Xosé Manuel Mejuto, Alberte Agra e máis eu, e fraguouse coa colaboración de outros moitos